
Illecebrum verticillatum L., 1753

- herba sanguiña, fálago
- fálago
-
- falcàgia verticillada, falàcia verticillada
- coral-necklace
- aranhões



DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Caryophyllales**	**Caryophyllaceae**	***Illecebrum***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Talos de 5-30 (ás veces ata 70) cm, xeralmente ramificados, filiformes, cuadrangulares, xeralmente avermellados, que enraízan nos nós inferiores. Follas 2-6 × 1-3 mm, de lineares-espatuladas a obovadas-arredondadas ou ovadas (as inferiores xeralmente máis estreitas e pequenas), atenuadas na base, subpetioladas e verdosas ou avermelladas. Estípulas de aproximadamente 1 mm. Dúas cimas por nó, con 4-6 flores. Sépalos de 1,5-2,5 mm. O froito é un aquenio encerrado dentro do cáliz. Semente de aproximadamente 1 mm. Florece de febreiro a setembro.

HÁBITAT

Solos silíceos e húmidos, con grava ou area, ás veces flotando en depresións temporalmente inundadas. Dende o nivel do mar ata 1700 m.

DISTRIBUCIÓN

Norte de África e centro e oeste de Europa, rara cara ao sur e as zonas mediterráneas. Espallada principalmente pola metade Oeste da Península Ibérica e ausente nas Illas Baleares.

CURIOSIDADES

É bastante común sobre todo nos encoros cando baixa a auga e quedan estensas superficies ao descuberto. Esta herba ocupa logo eses lugares formando ás veces estensos prados.

ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor